

VIXÉSIMO ACORDO DE PRÓRROGA DO CONCERTO SUBSCRITO ENTRE A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA E O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE, PUBLICADO POR ORDE DO 18 DE XUÑO DE 2001.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O xerente do Servizo Galego de Saúde, DECLARA:

1. Que o Servizo Galego de Saúde formalizou o 30.6.2025 coa Universidade de Santiago de Compostela a prórroga do instrumento convencional arriba referido, que entrou en vigor o 1 de xullo de 2025 e rematará a súa vixencia na data de formalización do novo concerto ou, en caso de non asinarse este novo acordo antes, o día 30 de xuño de 2026.
2. Que o instrumento convencional ten por obxecto:
 - Prorrogar por un período dun ano o Concerto entre a Universidade de Santiago de Compostela e o Servizo Galego de Saúde para a utilización das Institucións Sanitarias na investigación e docencia universitarias, publicado pola Orde do 20 de decembro de 2001, cuxa vixencia inicial máis as prórrogas xa formalizadas finalizou o 30 de xuño de 2025.
3. Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxectivo referido.
4. Que o instrumento convencional asinado se fundamenta na colaboración mutua entre a Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e maila universidade citada en aras de afondar no mellor desenvolvemento do dereito á educación, dun xeito integral.
5. Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE y 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estimouse xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se asinou, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela.